




Carlos Casares



Narrador, ensaísta, articulista de prensa, editor e dinamizador cultural, Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941-Vigo, 2002) é unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX. Prosista en distintos xéneros, o humor e a sinxeleza e a claridade no tratamento dos temas que lle afectan ao mundo actual constitúen os trazos máis característicos do seu estilo narrativo e ensaístico, que lle reportou un gran recoñecemento do público e da crítica.

Alén do seu talento literario, Casares foi un intelectual de relevo extraordinario que destacou tamén pola súa implicación na vida cultural, social e institucional do país e por unha laboriosidade incansable, ao tempo intelixente e reflexiva, e sempre cun compromiso inequívoco coa lingua galega.

Carlos Casares naceu en 1941 en Ourense e desde os 3 anos pasou a súa infancia en Xinzo de Limia. A súa vocación literaria empezou a se manifestar xa na adolescencia, cando gañou un premio que lle permitiu coñecer a Vicente Risco. Xa na etapa universitaria, na que se especializou en Filoloxía Románica en Santiago de Compostela, entrou en contacto co núcleo da cultura galega antifranquista mentres continuaba a cultivar o seu perfil literario. En 1967 publicou a súa primeira obra, o libro de relatos *Vento ferido*, dentro da colección Illa Nova de Galaxia, e pouco despois converteuse nun pioneiro da literatura infantil en galego: en 1968 gañou co relato *A galiña azul* o I Concurso de Contos Infantís da Asociación Cultural O Facho e en 1973, o I Concurso de Teatro Infantil da mesma entidade con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

En 1975, *Xoguetes para un tempo prohibido* reportoulle o Premio Galaxia e o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios. Casares era xa a esa altura unha das



voces emerxentes máis renovadoras e significativas da nosa narrativa, recoñecida en 1978 co seu ingreso na Real Academia Galega, onde foi o membro de número máis novo.

Nos anos da transición e do comezo da democracia, participou activamente na reivindicación autonómica e como parlamentario independente nas listas do PSdeG-PSOE traballou arreo para sacar adiante a Lei de Normalización Lingüística (1983). Rematada a primeira lexislatura da autonomía, centrou o seu traballo no eido cultural como director da editorial Galaxia (1986-2002) e da revista Grial (1988-2002) e, máis adiante, tamén como presidente do Consello da Cultura Galega (1996-2002).


Malia os seus múltiples compromisos, Casares non abandonou nunca a escrita e seguiu a publicar obras con moi boa acollida do público, como a colección de relatos *Os escuros soños de Clío* (1979), as novelas *Ilustrísima*, Premio da Crítica Galega de 1982; *Os mortos daquel verán* (1987), Premio Antón Losada Diéguez; e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), Premio da Crítica Española de 1997 e finalista do Premio Nacional de Narrativa de 1998; ou *O sol de verán*, publicada postumamente en 2002 e Premio da Crítica dese ano.

Cómpre así mesmo salientar o seu labor como articulista en distintas cabeceiras, que chegou a contar cun amplísimo e fiel público e merecente dunha morea de distincións, entre eles os premios Fernández Latorre (1993) e Julio Camba (1995), e xa a título póstumo o Roberto Blanco Torres (2002).

Deus sentado nun sillón azul

Por M^a Camiño Noia

(extraído de “A narrativa de posguerra”. Proxecto Galicia. Hércules de Edicións)



A última novela de Casares, *Deus sentado nun sillón azul*, é unha complexa narración focalizada desde unha dobre perspectiva, a dun narrador omnisciente e a dun personaxe; e nela alternan sucesivos planos espacio-temporais. É unha historia de amor e de compromiso político contada por un narrador en terceira persoa a través das lembranzas dunha muller que, situada destrás da ventá da súa casa, observa os movementos dun home vello e atristurado que vive coa súa muller nun piso enfronte á ventá. A historia, situada nun tempo que vai da década dos anos trinta ata a posguerra, ten dous protagonistas: El e Ela, que corresponden ao home observado, casado con Mariana, e á muller observadora. Coma en obras anteriores do autor, a historia serve de pretexto para describir un tempo histórico e falar de personaxes fundamentais na vida socio-cultural de Galicia. Xosé Manuel Enríquez

(1996) expresa esa idea con estas palabras: “A lectura da novela non existe só como interpretación ou entendemento cabal da materia escrita, senón como porta de entrada a unha variedade de visualizacións (amorosas, históricas, de clima de ideas da época, etc.) que se acompañan



Tertulias Literarias

simultánea e complementariamente construíndo aportes necesarios para a composición definitiva do retrato dun home”. A primeira lectura de *Deus sentado nun sillón azul* é a dunha historia realista. Un realismo que se reflicte na presenza de datos e de espacios coñecidos de Ourense – coma noutros relatos anteriores –, pero aquí alternando con Santiago, Berlín e A Coruña. E mesmo os personaxes son fácilmente asimilables a coñecidos individuos daquela época. Sen embargo, a pesar do doado recoñecemento dunha realidade concreta, a novela permítenos facer unha lectura simbólica sobre a historia do comportamento humano nun ambiente de conflito bélico, unha interpretación metafórica que completaría a lectura realista. Xa que se trata dunha historia contada a través da íntima relación de parella, que vai explorando as actitudes do protagonista coa súa muller e coa xente coa que conviviu nunha etapa tan conflictiva coma a da Guerra Civil. O/a narrador/a insírese no comportamento dos personaxes, antes e despois da contenda, e mostra a influencia que tivo no cambio de personalidade dos que a sufriron. Indúcenos a facer unha lectura simbólica a non denominación dos personaxes principais (El, Ela), unha fórmula que ten como precedente na literatura galega actual os relatos de Méndez Ferrín “Eles” de *Arraianos* e “Ela, Boomerang” de *Elipsis e outras sombras*, nos que tamén se trata o tema da guerra. Para Pedro Hernández (1996) “esta simbiose entre historia íntima e colectiva, a harmonización de ambas as dúas perspectivas, é un dos eixes sobre o que se artella a narración”.

Así pois, as dúas últimas novelas de Carlos Casares, *Os mortos daquel verán* e *Deus sentado nun sillón azul* afondan no comportamento humano individual en problemáticas situacións de violencia, de intolerancia e de soidade, utilizando en cada unha delas estruturas narrativas diferentes ás obras dos seus períodos anteriores. Os relatos deste autor están poboados por personaxes que se moven nun mundo concreto e familiar, un mundo contado con dramatismo nas primeiras narracións e que volve aparecer na novela *Deus sentado nun sillón azul*, mentres que en *Os escuros soños de Clío*, en *Ilustrísima* e mesmo en *Os mortos daquel verán* ese dramatismo está matizado con trazos de ironía e humor.



O conxunto da obra de Carlos Casares responde a diversas fórmulas narrativas que, sen embargo, obedecen a unha única finalidade: contar historias utilizando elementos da contorna. Para iso, Casares sèrvese, fundamentalmente, de seis elementos:

- Emprego de trazos autobiográficos. Todo o que conta ten que ver con feitos vividos ou recollidos en ámbitos coñecidos. As súas obras teñen un discurso plenamente referencial.
- Abundan as descrições obxectivistas pormenorizadas sobre os movementos dos personaxe e os obxectos do espacio. Descricións coas que o autor quere ofrece-la realidade cotiá duns personaxes en conflito coa contorna. A inseguridade que invade as súas vidas reflíctese no comportamento



desacougado, que no caso do protagonista de *Ilustrísima* o fai pensar en abandona-la súa misión de prelado para poder actuar como ser humano.

- Presencia dunha certa tonalidade sentimental no tratamento dos personaxes, que xa se percibe nos contos de *Vento ferido*. Os personaxes están caracterizados como seres humanos reais que sofren ou gozan nunha sociedade que determina o seu comportamento.

- Presencia dunha humanidade condicionada polo ambiente nunha sociedade agresiva e opresiva que tiña como referente a Galicia da posguerra. Os personaxes son individuos problematizados por acontecementos pasados ou presentes; aspecto no que Casares coincide con outros autores da Nova Narrativa Galega.

- Marcada idea temporal na maioría dos relatos. O tempo de enunciación adoita ser un tempo reducido no que o narrador vai traendo á memoria unha serie de acontecementos do pasado que dan claves para a comprensión de historia.

- Os acontecementos suceden en espazos pechados de onde os personaxes só adoitan saír a través da lembranza. Este elemento aparece xa nos primeiros relatos de *Vento ferido* e de *Cambio en tres*, e recóllese en *Os escuros soños de Clío*, *Os mortos daquel verán* e *Deus sentado nun sillón azul*. Son encerros obrigados, impostos como castigo (cárcere, reformatorio, clase...), causados pola invalidez ou por calquera outra circunstancia – unha declaración xudicial no caso de *Os mortos daquel verán*, ou polo resentimento en *Deus sentado nun sillón azul* -. E a narración proxéctase desde o espazo pechado a espazos abertos non que se producen os acontecementos recordados. En “Cando cheguen as chuvias” e “Agarda longa ó sol” de *Vento ferido*, en *Cambio en tres* e en *Deus sentado nun sillón azul* recórrese ao motivo da “ventá”, tan frecuente nos textos da Nova Narrativa Galega, para afasta-lo espazo real concreto dos amplos espazos recreados polo fluír da conciencia. En ámbalas dúas novelas o/a protagonista-narrador/a da historia está situado/a na ventá do seu cuarto, desde onde vai lembrando acontecementos do pasado.

**Carlos
Casares**
LETRAS GALEGAS 2017

Razón de violencia


Por Vicente Araguas (Revista de Libros)

Una mujer se asoma a una ventana de provincias. Enfrente el trajinar cotidiano de un intelectual cansino e irresoluto a quien la vida ha terminado emparejando con una mujer débil y enfermiza, bien diferente a la observadora que presta su mirada al lector. Como telón de fondo, la miseria de la posguerra española en una pequeña capital gallega, concretamente, y no hace falta que se nombre, Ourense.



Tertulias Literarias

Con semejantes elementos Carlos Casares ha proyectado de nuevo su mirada, atenta, realista, moralizante, sobre un cuadro esperpéntico en el que la sombra de la guerra civil (*Los muertos de aquel verano*, su anterior novela, también se ocupaba del tema bélico más familiar para nosotros) hace de las suyas. Un cuadro esperpéntico no en el sentido de chafarrinón grotesco que el término pudiera sugerir –nada más alejado de la paletada valleinclanesca que es Carlos Casares– sino por el propio reflejo de la violencia ambiental en que encaja a la perfección, por su cobardía, el héroe/antihéroe de esta novela. Quien no sólo por sus características físicas –el «dios» de la novela de Casares es un alfeñique– recuerda a un guiñapo; será el ojo de la observadora el que nos transmita dicha sensación a partir del continuo desplomarse del protagonista en su sillón azul. Un sillón de orejeras, frailuno, territorio mítico en torno al cual Carlos Casares ha ido tejiendo una historia en la que van entrando los diferentes tiempos que la estructuran en flash-backs consecutivos, tan bien manejados que se implican en la narración con la misma fluidez que tendrían de ser impregnados con vaselina.



Dichos retrocesos nos llevan a la Alemania de entreguerras y a la Compostela anterior al 36. El interludio alemán, otra cala casariana en la incomprensible violencia ambiental de una sociedad civilizada, se nos sirve a través de la relación del protagonista innominado (también su observadora es anónima) con Gerda, un elemento vitalista que contraponer a la pudibundez frágil de Mariana, la esposa del intelectual provinciano y diminuto.

Quien sí de algún modo se proyecta eróticamente (los personajes de Casares suelen ser muy asépticos sexualmente hablando) lo hace a través de los avances de su observadora, progresista *avant la lettre* y habitante de las aulas universitarias republicanas en las que el intelectual divino ejercía. A éste se le han intentado ver afinidades con algún polígrafo y político gallego, desaparecido en el sentido figurado de la palabra con la rebelión militar del 18 de julio. Yo entiendo, sin embargo, que Casares ha ido bastante más lejos, retratando en el protagonista de su novela a un compendio y resumen de aquellos intelectuales que, atrapados en el fuego de los totalitarismos, optaron por alinearse del lado más azul de la cuestión, y de ahí el color del asiento que sirve de escondrijo al héroe/antihéroe de Dios sentado en un sillón azul. Algunos de estos intelectuales entonaron bastante después la palinodia, y por ahí aún circulan, en ciertos casos, con obra meritoria en bandolera; a otros simplemente se los tragó el viento del olvido.

El personaje de Carlos Casares, dentro de la excelente armazón matemática de la novela, será devorado por la violencia que había contribuido a alimentar, y no por otra razón en última instancia que su propia cobardía, en el proceso que llevaría al pelotón de fusilamiento a su viejo amigo y colaborador, Antonio Salgado París. Claro que éste: «Era el muchacho más guapo de todo el centro,



moreno y ojos verdes, siempre vestido con aquellos jerséis de lana gruesa» (pág. 299), lo que no dejaría de explicar alguna actitud inexplicable por parte del intelectual derrotista y derrotado.

Y pues en la novela de Carlos Casares cabe todo, y aquí surge la maestría narrativa del escritor orensano evitando el peligro de la incontinencia, mal no exclusivo de escritores noveles –véanse las últimas novelas de Camilo José Cela, especialmente *La cruz de San Andrés*– aparecen en ella también los guerrilleros, escapados o huidos. Quienes serán los que impongan en el desenlace su particular sentido moral de la violencia.

De este modo, Carlos Casares hace que todo se articule cabalmente en su reflexión/alegato contra los que, activa o pasivamente, atizan los desmanes históricos.

La traducción española de la novela (en gallego, *Deus sentado nun sillón azul*) se debe al propio Carlos Casares. Una traducción funcional, hecha sin ánimos recreativos, que por lo tanto cumple bien su objetivo de poner ante el lector español esta narración realista, concisa, contenida. Sería de desear que con ella Carlos Casares consiguiese traspasar de verdad esa extraña barrera idiomática que no termina de abrirse para escritores excepcionales, como Méndez Ferrín o él mismo. Anteriormente Casares publicó en castellano *Ilustrísima* y *Los muertos de aquel verano* (novelas) y *Los oscuros sueños de Clío* (relatos); tal vez *Dios sentado en un sillón azul* sea su consagración definitiva en un mercado editorial, el español, tan excesivo en títulos como escaso en novelas de auténtica tensión narrativa, como ésta.



Carlos Casares publica una novela contra la violencia y la intolerancia

"Lo espontáneo siempre es el desorden". declara el escritor gallego

Por Javier Goñi (El País, 16 enero 1997)

Aunque el protagonista de la última novela del escritor gallego Carlos Casares (Ourense, 1941), *Dios sentado en un sillón azul* (Alfaguara), que se presenta esta tarde en la librería Crisol-Galileo, de Madrid, sea 'un dios menor' un intelectual gallego, viajero, cosmopolita y antidemócrata en aquel período tan fecundo de entreguerras, las exigencias tipográficas (ese Dios comienzo de frase) le obligan a la mayúscula que todo lo magnifica. Como en otros trabajos literarios, es una obra contra la violencia y la intolerancia.

Pero es, insiste Casares, "un dios menor" alguien con quien mantuvo una relación afectiva esa mujer que piensa, la mujer del relato, ésa que, ahora, a mediados de los años cuarenta, en una ciudad gallega que no se nombra y quizá puede reconocerse -acaso Orense- lo tiene por vecino de



calle y desde la ventana lo ve pasar y, además, lo lee, todas las mañanas, en el diario local, y, además, lo sueña o lo recuerda de cuando el pasado era presente para esa mujer. "En esos tres planos", explica Casares, "se mueve la novela"; una novela que apareció hace un año en gallego (*Deus sentado nun sillón azul*), su idioma original, y que ahora él mismo ha dado en castellano, "sin excesivo trabajo, es cierto, pues los dos son mis idiomas". Todas las novelas de Carlos Casares tienen un nexo común como es la violencia y la intolerancia, y ambas cualidades del alma humana están presentes en Dios sentado en un sillón azul, y una época, además, que a Casares le resulta muy atractiva: ese periodo de entreguerras, esos locos y fecundos años veinte y treinta rodeados de tracas y pólvora. Y le gusta tanto esa época que ya está metido en otra historia, que tratará de las relaciones entre una joven y un joven falangista.

Facilidad narrativa

Ese "dios menor", ese intelectual de la novela que ahora presenta, podría ser, según pensaban en su tierra, cuando se publicó hace un año, Vicente Risco, extremo que Casares niega, aunque reconoce que bien vale de modelo de escritor cosmopolita ligado, entonces, a lo que Casares, con precisión eufemística, acaso, o paráfrasis políticamente correcta, denomina "ideologías no democráticas". La historia, en todo caso, no está basada en un hecho real, pero sí en una anécdota que le contó su madre hace muchos años. Los lectores de Carlos Casares, autor de las novelas *Ilustrísima* y *Los muertos de aquel verano* y de los relatos *Los oscuros sueños de Clio*, conocen la facilidad narrativa de este escritor gallego ("aquello que parece sencillo", puntualiza, "esconde tras sí un gran esfuerzo: lo espontáneo siempre es el desorden"); aunque también le adorna la leyenda de su facilidad para narrar oralmente historias. "Será por gallego", se ríe Casares; "allá todos somos así; es, verdad que tengo cierta facilidad para contar historias, pero escribirlas lleva su tiempo". Se considera una persona muy poco conceptualista, y sí, en cambio, "una persona que piensa narrando".

Esa facilidad oral, sin embargo, le da más problemas, como escritor, de lo que la gente habitualmente piensa. "Son dos vías distintas, y no sirve trasladar al papel esa facilidad expresiva". Y tiene un ejemplo: un libro de conversaciones con el gran escritor gallego Anxel Fole, célebre en su tiempo por su bien conversar. "Aquello en el papel no sonaba igual y tuve que reelaborar aquellas conversaciones, y todavía la gente dice lo bien que recogí a Fole en libro, que aquel era el Fole que hablaba; y de eso nada".

A Casares le gusta que el lector se divierta con sus libros, que esa sonoridad de la transmisión oral aparezca en sus novelas, pero "esto lo consigo", insiste, "a base de un gran esfuerzo; la sencillez es elaboración".

Fontes:

[Real Academia Galega](#)

[Revista de Libros \(1997\)](#)

[El País \(1997\)](#)

Proxecto Galicia. Literatura. Volume XXXIV, páx. 139-142

Para saber mais:

[Fundación Carlos Casares](#)

[Conversación con Carlos Casares, por Ana María Platas Tasende \(páx. 15-26\)](#)

[Deus sentado nun sillón azul: una mirada moral sobre la condición humana](#)

[Deus sentado nun sillón azul, tomado de "A Narrativa de C. Casares" de Anxo Tarrío \(Revista Galega do Ensino nº 38, Febreiro 2003, páx.26-36\)](#)